

Pasodoble de Marfulo (Vilaño – A Laracha)

Pepiño, Pepiño, Pepe,
Pepiño traballador-e,
os demais na romería
Pepiño cos seus labores!

Anda, Maruxiña,
non vaias á herba
que xa vén o aire
e toda cha leva
e toda cha leva
e lévacha toda,
anda, Maruxiña,
non vaias agora.

Son filla dun labrador,
sei poñer os bois ó carro,
chégate cabo de min,
fumaremos un cigarro

Anda, Pepe, tolo
non che vou bailar
que veño mollada,
quérome enxugar.

Miña Santa Margarida
ten unha galiña branca,
cando lle sacan o millo
deixa de poñer e canta.

XABIER | DÍAZ

Somos dúas compañeiras,
as dúas moi ben levadas
e no lugar de Marfulo
nas hai máis acompañadas.